



Concello de Ortigueira

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Expediente: 771/2024

Na casa consistorial, ás dúas horas e trinta e seis minutos do 10 de xuño de 2024, reúnense, por medios telemáticos mediante videoconferencia, a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), modificada mediante resolución da Alcaldía número 2024-0569 e que consta publicada no perfil do contratante o 6 de xuño de 2024.

A finalidade é proceder á apertura dos criterios evaluables automaticamente (sobre B) presentados mediante a Plataforma de Contratación do Estado, no procedemento aberto urxente que se tramita para a adxudicación do contrato de concesión de servizos de hostelería e restauración para o Festival do Mundo Celta 2024-2027 (CPV 55100000)

Asisten os seguintes membros da Mesa:

-Presidente: Jaime Vicente Ponce Piñón: concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

-Vogais:

- María Luisa Sierra Vale: secretaria accidental do Concello
- Silvia Lamelas Soto: interventora do Concello
- Alberto José Balboa Rodríguez, técnico de Deportes e coordinador do Festival do Mundo Celta de Ortigueira

-Secretaria: Iria Ponte Reiriz: técnica de administración xeral de Secretaría

Polo presidente declarase constituída a Mesa de Contratación por reunirse o quórum requirido.

Dáse conta que de conformidade co requirimento realizado o 7 de xuño de 2024 (minuta 2024-S-RE-1081) a Ferias Antequera SL con acuse de recibo o mesmo día, consta que no expediente que a licitadora presentou correctamente a documentación o día 8 de xuño de 2024 no rexistro electrónico xeral (número de rexistro 2024-E-RE-1203).

Xa que logo e á vista do anterior, a mesa acorda por unanimidade admitir ao procedemento aos seguintes licitadores:

1. **Licitador:** B56634348
Razón social: EVENTOS PAQUI
Data de presentación: 30/05/2024 13:49:04
2. **Licitador:** B70346127
Razón social: EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOY SL
Data de presentación: 03/06/2024 15:28:59
3. **Licitador:** B70629944
Razón social: FERIAS ANTEQUERA S.L
Data de presentación: 04/06/2024 14:23:07
4. **Licitador:** B15497142
Razón social: GRUPO BACOGA GALICIA SL
Data de presentación: 05/06/2024 13:45:29
5. **Licitador:** B56634462
Razón social: SALNASAL EVENTOS
Data de presentación: 30/05/2024 13:57:25



Concello de Ortigueira

6. **Licitador:** B16717159

Razón social: TOP MARCAS S.L.U

Data de presentación: 30/05/2024 12:51:12

Unha vez finalizada a apertura da calificación da documentación administrativa (sobre A), procédese a fase de apertura dos criterios evaluables automaticamente. Compróbase que nos mesmos figura o modelo "oferta económica". O P.C.A.P. prevé a división en lotes do contrato do seguinte xeito:

LOTES	DESCRIPCIÓN	CPV
Lote 1	Barras zona de concertos (Alameda)	55100000-1
Lote 2	Postos de restauración zona do peirao	55100000-1
Lote 3	Barras e restauración zona de Morouzos	55100000-1

Por outra parte, de conformidade co P.C.A.P. os criterios de valoración das ofertas (mediante fórmulas) son os que seguen:

a) Incremento do importe a aboar á administración en concepto de canon: ata 90 puntos

Para a valoración das ofertas a puntuación distribuirase de forma proporcional entre todas as ofertas presentadas e aceptadas, outorgándose 0 puntos á oferta que consigne un importe de canon de explotación igual ao mínimo esixido, e 90 puntos para a oferta que consigne o maior canon de maior importe.

As restantes ofertas valoraranse proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación oferta económica a valorar = $90 \times (\text{canon a valorar} / \text{canon ofertado de maior contía})$.

2. Cualitativos:

Melloras na prestación do servizo:

- a) Por dispensar vasos reciclables con imaxe do Festival (imaxe aportada polo Concello).

O licitador que oferte a devandita mellora será avaliado con 10 puntos.

Constan presentados os seguintes licitadores en cada lote:

Lote 1:

- EVENTOS PAQUI S.L. Oferta económica: 32195,50 € +IVA. Melloras: sí (10 puntos)
- TRASTOI S.L. Oferta económica: 21100 € + IVA. Melloras: sí (10 puntos).
- SALNASAL EVENTOS. Oferta económica: 22005 € + IVA. Melloras: sí (10 puntos).
- TOP MARCAS S.L.U. Oferta económica: 28935€ + IVA. Melloras: sí (10 puntos).

Lote 2:

- ANTEQUERA S.L. Oferta económica: 4152 €+IVA. Melloras: non.



Concello de Ortigueira

Observacións: as tarifas superan ás establecidas no anexo I do prego de prescricións técnicas, polo que se propón a súa exclusión por non cumprir os prezos establecidos no mesmo.

-TRASTOI S.L. Oferta económica: 3250 €+IVA. Melloras: sí

Lote 3:

-TRASTOI S.L. Oferta económica: 6100 €+IVA. Melloras: sí (10 puntos) .

-GRUPO BACOGA GALICIA S.L. Oferta económica 8380 €+IVA. Melloras: non.

Outorgáñse as seguintes puntuacións de conformidade cos criterios de puntuación previstos no P.C.A.P:

Lote 1:

-EVENTOS PAQUI S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta) +10=100

-EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 58,98 +10=68,98

-SALNASAL EVENTOS. Puntuación: 61,51+10=71,51

-TOP MARCAS S.L.U. Puntuación: 80,89+10=90,89

Lote 2:

-TRASTOI S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta)

Lote 3:

-EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 65,51+10=75,51

-BACOGA S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta)

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Admitir ao procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adjudicación Do contrato de concesión de servizos de hostelería e restauración para o Festival do Mundo Celta (CPV 55100000) a EVENTOS PAQUI, EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L., GRUPO BACOGA GALICIA S.L., SALNASAL EVENTOS e TOP MARCAS S.L.U

Segundo.- Excluir do procedemento de adjudicación a FERIAS ANTEQUERA S.L, xa que as tarifas presentadas superan ás establecidas no anexo I do prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Clasificar as proposicións presentadas a dito procedemento en orde decrecente, do seguinte xeito:

LOTE 1
1. EVENTOS PAQUI S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta) +10=100
2. TOP MARCAS S.L.U. Puntuación: 80,89+10=90,89
3. SALNASAL EVENTOS. Puntuación: 61,51+10=71,51
4. EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 58,98 +10=68,98



Concello de Ortigueira

LOTE 2

1. EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 100 (mellor oferta).

LOTE 3

1. GRUPO BACOGA GALICIA S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta)
2. EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 65,51+10=75,51

Cuarto.- Xa que logo, as licitadoras que teñen obtido maior puntuación en cada un dos lotes son as que seguen:

Lote 1: EVENTOS PAQUI S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta) +10=100

Lote 2: EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta) +10=100

Lote 3: BACOGA GALICIA S.L. Puntuación: 90 (mellor oferta)

Cuarto.- Ao teor do disposto na cláusula 21 do P.C.A.P, previamente á adxudicación do contrato as licitadoras deben presentar a documentación prevista dous apartados en función da inscrición positiva ou negativa no ROLECSP ou RXCG. A este respecto, son realizadas as seguintes consideracións:

-Lote 1: Eventos Paqui S.L.

Observacións: Non está inscrita no ROLECE ou RXCG, polo que debe aportar a documentación prevista na cláusula 21.2 do P.C.A.P. do contrato para resultar adxudicataria

-Lote 2: Eventos y hostelería Trastoi S.L.

Observacións: Consta inscrito no rexistro de contratistas da comunidade autónoma de Galicia. Debe achegar a documentación prevista na cláusula 21.2 do P.C.A.P. para resultar adxudicataria

-Lote 3: Grupo Bacoga Galicia S.L.

Observacións: Non está inscrita no ROLECE ou RXCG, polo que debe aportar a documentación prevista na cláusula 21.2 do PCAP do P.C.A.P. para resultar adxudicataria.

Quinto.- De conformidade co anterior, **REQUIRIR ás licitadoras** para que no prazo de cinco días hábiles a contar desde o envío do requirimento á dirección de correo electrónico indicada, presenten a seguinte documentación no rexistro electrónico xeral do Concello:

-EVENTOS Y HOSTELERIA TRASTOI S.L.: a prevista na cláusula 21.1 do PCAP para resultar adxudicataria do contrato. É dicir, a acreditación da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional de acordo co regulado nos PCAP.

-BACOGA GALICIA S.L.: a prevista na cláusula 21.2 (ademais da prevista na cláusula 21.1 do PCAP) para resultar adxudicataria do contrato

-EVENTOS PAQUI S.L.: a prevista na cláusula 21.2 (ademais da prevista na cláusula 21.1 do PCAP) para resultar adxudicataria do contrato





Concello de Ortigueira

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sen do as dezaseis horas e dez minutos do 10 de xuño de 2024 estendéndose a presente acta, do que eu, como secretaria da Mesa, certifico

